

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 08/07/1970**

**Colección:**

**Data:** 08/07/1970

**De:**

Fernando Pereira Caamaño;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e correccións manuscritas]

**Temáticas:**

A nova Sargadelos; Artes; Artes visuais; Autores/as; Emigración; Literatura; Migracións; Premios; Vieira do Patronato da Cultura Galega de Montevideo; Xornadas da Cultura Galega. Patronato da Cultura Galega de Montevideo;

**Mencionados:**

Tino Calabuig; Xesús Canabal; Castelao; Alberto Corazón; Alberto Datas; Rosendo Díaz Arias de Castro; Isaac Díaz Pardo; Francisco Escalada; Alfonso Gallego; Emilio González López; Basilio Losada; Enrique Ortiz; Reimundo Patiño; Ángel Rama; Beatriz Rey Gómez; Ángel Sevillano García; Daniel Vidart;

---

## **Transcrición da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 08/07/1970**

Montevideo, 8 de Sant-Yago de 1970

Esimado Seoane:

Aínda non tivemos novas de Patiño, pro igoal lle escribo pra poñelo en antecedentes de algunhas cousas.

Falamos con Canabal con respecto aos catálogos, quedando, en principio, de facer algo menos caro (por exemplo, poucas reproducións, etc.). A verdade é que me costou convencelo, xa que co libro de González López ten moitos gastos (por certo, que quedamos moi ledos coa súa fermosa carátula). A malo de todo é co tempo pasa a présa. Do que mandou Patiño, hai en total 48 (corenta e oito) debuxos e grabados. Temos cáseque a seguridade de que 9 traballos son de Gallego (sen

tido) (debuxos), 14 de Patiño, 12 de Ortiz Alonso, 2 de Calabuig (así aparecen firmados), 4 de Beatriz Rey e 2 de Rosendo (tamén así firmados). Os 5 restantes son: 1 Cabeza de sevillano (sen firma), 1 O circo sevillano (sen firma), 2 Escala (coido que de Patiño) e 1 debuxo cunha cabeza dun home, que parez rubricado por Datas. Os primeiros 43, menos os posibles de Ortiz Alonso, viñeros sen tido. Non temos, ademais, os datos biográficos de Calabuig e Rosendo. En fin, co este panorama, e sen resposta de Patiño, vostede dirá que fagamos.

O programa das XV Xornadas de Cultura Galega, de maneira sustancial (en prensa) será:

Do 25 de xullo ao 5 de agosto

Mostra Bibliográfica de Castelao.

I Feira de Cerámica.

Exposición de Debuxos e Grabados. (Est. Pop. Galega)

26 de xullo

Xantar de confraternidade.

Entrega da Losada Castro a Ánxel Rama.

27 de xullo

Conferencia de Losada Castro (Universidade).

30 de xullo

Mesa redonda sobre o tema: Castelao, artista, político, home. (Tomarán parte Seoane, Cancela e Vidart).

Antes de todo: queremos telo no xantar E QUE FALE (a ser posible da situación na Terra). Prego resposta rápida a isto.

Por hoxe nada máis. Saudos pra súa dona, cunha aperta forte pra vostede.

Pereira

[Anexo.]

[Manuscrito.]

Montevideo, 11 Sant-Yago 1970

Estimado Seoane:

E aquí están os datos remesados por Patiño:

Alfonso Gallego 8 debuxos a lápiz.

\*Ánxel Sevillano 2 debuxos a pruma.

\*Francisco Escalada 2 grabados linóleo.

\*Alberto Corazón 1 grafía [Non entendo]

\*Federico Calabuig a) Xilografía. b) ...grafía [Algo así como Gerigrafía/s)

Ortiz Alonso 10 monotipos

Alberto Datas 1 debuxo (Un rostro)

Beatriz Rey 4 papeles recortados e pegados (sic)

\*Rosendo Díaz 2 debuxos (paisaxes xeométricas).

R. Patiño 16 {4 grabados follas meianas

12 debuxos-

Total: 48

Como pode ollar, o detalle, por artistas, está xa craro, pro non así os tidos.

Tampouco as biografías dos que sinalo deste xeito: \*

Entendo que no limiar do catálogo vostede debe facer referencia ao feito ca Estampa (e mais o Patronato) adican a Exposición Castelao, co gallo dos 20 anos

do seu finamento.

Ao mesmo tempo que fago esta nota, estou tratando de que un fotógrafo amigo teña os retratos pra mandarlle polo amigo portador da presente.

Nesta somán teremos rematado o programa das xv Xornadas de Cultura Galega, sentindo moito, moito, non telo con nós no Xantar. Adxunto, simbolicamente, o menú. Logo mandaremos o devandito programa.

Saúdos pra súa dona, cunha forte aperta de

Pereira

[Anexo.]

[Manuscrito.]

(2ª nota)

O amigo fotógrafo non me fixo o traballo. Polo tanto, pra gañar tempo, mando polo amigo Cambre a laboura correspondente a cada artista orixinal. Como volta a Montevideo o martes, supoño que terá tempo de preparar vostede o borrador do catálogo.

De Sargadelos e do Castro mandounos catálogo Díaz Pardo.

Andamos moi mal de cartos. Acabamos de arranxar un local en preno centro da cidade que nos saie nun ollo da cara.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.